- CON7b: Práctica de exercicios técnicos acordes ao nivel: 53 Études de Mule (Vol. 2) (1º trimestre do 36 ao 41, 2º trimestre do 42 ao 47 e 3º trimestre do 48 ao 51) e Nouvelles Études Variées de Londeix (Mínimo tres estudos por trimestre a elección do profesorado) CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE
- CON8: Práctica de repertorio solo e acompañado para desenvolver a afinación, a precisión e estabilidade rítmica, así coma as posibilidades sonoras do instrumento.
- CON9: Práctica de obras representativas do repertorio propio do instrumento e acordes ao nivel: alomenos unha obra das indicadas para o curso en cada trimestre (ver o apartado Recursos didácticos do curso) e alomenos unha obra no curso nun instrumento diferente ao habitual. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE
- CON10: Entrenamento permanente e dominio progresivo da memoria e da lectura a vista.
- CON11: Participación nas audicións, recitais e/ou concertos planificados no curso.
- CON12: Utilización dos diferentes instrumentos da familia do saxofón.

### 6.10.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderá consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza - aprendizaxe.

#### Criterios de avaliación

- CRIT1: Participar de forma activa nas clases e cun grao de esforzo suficiente para alcanzar os obxectivos
- CRIT2: Amosar unha calidade no estudo autónomo dos exercicios e repertorio proposto no curso e acorde ao nivel.



- CRIT3: Adoptar unha posición corporal correcta e que favoreza a colocación do instrumento e a coordinación entre ámbalas mans, tanto nas clases coma no estudo autónomo.
- CRIT4: Dominar a respiración sen e co instrumento, acorde ao nivel.
- CRIT5: Amosar control da embocadura e unha calidade do son acorde ao nivel.
- CRIT6: Coñecer e dominar os elementos básicos que interveñen na interpretación musical.
- CRIT7: Amosar o dominio técnico do instrumento necesario para afrontar o repertorio proposto no curso e acorde ao nivel. **CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE**
- CRIT8: Amosar certo dominio das posibilidades sonoras do instrumento dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual, coma acompañado ou en conxunto.
- CRIT9: Interpretar o repertorio básico proposto no curso e dunha dificultade acorde ao nivel coa necesaria calidade na súa interpretación. **CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE**
- CRIT10: Amosar certo dominio da interpretación de memoria no repertorio proposto no curso e acorde ao nivel.
- CRIT11: Participar nas audicións, recitais e/ou concertos planificados no curso.

### Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

- c) Superar os criterios de avaliación indicados coma mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse coma superados cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado coma mínimo esixible en cada un dos aspectos marcados coma *CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE*.
- d) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

### Procedementos e ferramentas de avaliación

Realizarase unha **avaliación inicial** na primeira sesión de clase. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Análise do grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia.
- b) Coñecemento personalizado das características do alumnado e da súa situación persoal, familiar e emocional que facilite a planificación docente e o desenvolvemento da acción tutorial.



O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados. O profesorado valerase das seguintes **ferramentas** para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte a materia e a participación nas audicións ou concertos organizados, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación.

Dada a importancia que a observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro das ferramentas de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun **caderno de seguimento do alumnado** co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das **rúbricas** correspondentes.

A **cualificación final** da materia será a media das tres cualificacións parciais (trimestrais) do curso. Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

#### Criterios de cualificación<sup>10</sup>

- INTERESE E ACTITUDE FRONTE A MATERIA (CRIT1-2): participación activa nas clases e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos; calidade e regularidade no estudo autónomo. 25% da cualificación.
- TECNICA (CRIT3-7): dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración, embocadura e articulación; dominio das escalas e arpejos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 37,5% da cualificación.
- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN (CRIT8-11): calidade do son, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras do repertorio proposto (mínimo esixible); participación nas audicións e concertos programados. 37,5% da cualificación.

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ANEXO 9.4).

<sup>10</sup> Entre paréntese indicase os criterios de avaliación cos que se relaciona cada criterio de cualificación, tamén se indican que aspectos se consideran mínimos esixibles para superar a materia.



### Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), a disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá de demostrar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha **proba** que consistirá en:

Parte A) Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpejos, a elección do profesorado, e á velocidade e cas características indicadas para cada curso.

Parte B) Interpretación dalgúns dos exercicios programados para o curso, a elección do profesorado.

Parte C) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso, a elección do profesorado. Non será preciso acompañamento pianístico para a realización desta proba.

Os **criterios de cualificación** da proba son os seguintes:

- **DOMINIO TÉCNICO DO INSTRUMENTO:** dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración, embocadura e articulación; dominio das escalas e arpejos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 50% da cualificación.
- **SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN:** calidade do son, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras do repertorio proposto (mínimo esixible). 50% da cualificación.

Para acadar unha cualificación positiva nesta proba é necesario:

- a) Superar os criterios de avaliación indicados coma mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse coma superados cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado coma mínimo esixible en cada un dos aspectos marcados coma *CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE*.
- b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ANEXO 9.5).

#### 6.10.4 Medidas de recuperación

##### Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de



mellora. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha mais grande mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este consideraranse superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

### Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar ao alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con alomenos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba consistirá en:

Parte A) Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpexos, a elección do profesorado, e á velocidade e cas características indicadas para cada trimestre e/ou curso, segundo corresponda.

Parte B) Interpretación dalgúns dos exercicios programados cada trimestre e/ou curso, segundo corresponda, a elección do profesorado.

Parte C) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o trimestre e/ou curso, segundo corresponda, a elección do profesorado. Non será preciso acompañamento pianístico para a realización desta proba.

Os **criterios de cualificación** da proba son os seguintes:

- **DOMINIO TÉCNICO DO INSTRUMENTO:** dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración, embocadura e articulación; dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 50% da cualificación.
- **SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN:** calidade do son, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras do repertorio proposto (mínimo esixible). 50% da cualificación.

Para acadar unha cualificación positiva nesta proba é necesario:

- a) Superar os criterios de avaliación indicados coma mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse coma superados cando na rúbrica de avaliación





correspondente se acade o valor indicado coma mínimo esixible en cada un dos aspectos marcados coma *CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE*.

- b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ANEXO 9.5).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

#### **Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)**

Aquel alumnado que non superara a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberán demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A **proba** consistirá en:

Parte A) Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpexos, a elección do profesorado, e á velocidade e cas características indicadas para cada curso.

Parte B) Interpretación dalgúns dos exercicios programados para o curso, a elección do profesorado.

Parte C) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso, a elección do profesorado. Non será preciso acompañamento pianístico para a realización desta proba.

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requirir unicamente os exercicios e repertorio que considere non dominados durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio e exercicios indicados para curso.

Os **criterios de cualificación** da proba son os seguintes:

- **DOMINIO TÉCNICO DO INSTRUMENTO:** dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración, embocadura e articulación; dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 50% da cualificación.
- **SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN:** calidade do son, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras do repertorio proposto (mínimo esixible). 50% da cualificación.



Para acadar unha cualificación positiva na proba é necesario:

- a) Superar os criterios de avaliación indicados coma mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse coma superados cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado coma mínimo esixible en cada un dos aspectos marcados coma *CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE*.
- b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ANEXO 9.5).

#### 6.10.5 Recursos didácticos

▪ **Libros, métodos e/ou estudos**

- Les Gammes Conjointes et en Intervalles J-M. Londeix (Ed. Lemoine)
- Nouvelles Études Variées J-M. Londeix (Ed. Leduc)
- 53 Études Vol. 3 M. Mule (Ed. Leduc)

▪ **Repertorio (obras para saxofón en mib)**

- Sonata P. Creston (Ed. Templeton)
- Concerto A. Glazounov (Ed. Leduc)
- Sonatina C. Pascale (Ed. Durand)
- Concertino E. Bozza (Ed. Leduc)
- Legende F. Schmitt (Ed. Durand)

▪ **Repertorio (obras para saxofón en sib)**

- Fantasía H. Villa-Lobos (Ed. Suthern)
- Episodie Quatrieme B. Jolas (Ed. Leduc)
- Estudio de Concierto J. Menéndez (Ed. Real Musical)
- Tre Pezzi G. Scelsi (Ed. Salabert)

Os recursos didácticos anteriormente indicados poderán ser modificados polo profesorado por outros de dificultade semellante se o considera necesario en función das necesidades e características do alumno/a.



## 7 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

---

A aplicación da programación didáctica será supervisada de maneira constante por parte do profesorado da especialidade, rexistrando o seu grao de cumprimento e eficacia, e as posibles incidencias ou desviacións na planificación da mesma.

Nas reunións do departamento didáctico de Vento-Madeira deixarase constancia deste seguimento así coma de calquera outra incidencia a ter en conta para a súa avaliación, revisión e mellora.

## 8 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

---

Sen perxuízo de calquera outra medida que se estableza para a avaliación e mellora continua do sistema educativo e das ensinanzas musicais por parte da administración educativa competente, cada departamento didáctico realizará ao remate do período lectivo unha memoria final do curso. Nesta memoria farase constar o seguimento realizado sobre cada unha das materias, un análise do grao de consecución, resultados obtidos e demais incidencias salientables, e indicaranse as posibles modificacións e propostas de mellora de cara a vindeiros cursos con respecto a esta programación didáctica, así coma sobre o funcionamento e actividades do departamento didáctico.



## 9 ANEXOS

---

### 9.1 Probas de acceso 1º de grao profesional

A proba instrumental consistirá na interpretación de tres obras de libre elección, que poderán ser escollidas entre as programadas neste documento para o 4º curso de grao elemental ou ser outras dunha dificultade semellante, pero en todo caso deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Unha das tres obras deberá ser interpretada de memoria.
- Unha das tres obras terá que ser de música de cámara (podendo ser unha formación solista con piano), é dicir, non se deberán presentar tres obras para instrumento solo sen acompañamento.
- Será obrigatorio o acompañamento de piano nas obras que así o requiran, polo que os/as aspirantes, no caso de que o centro non o facilite deberán dispor do seu pianista acompañante.

#### Contidos

Os indicados nesta programación para ao 4º curso de grao elemental.

#### Criterios de avaliación e cualificación

- REPERTORIO: dificultade e defensa do repertorio presentado. 20% da cualificación.
- DOMINIO TÉCNICO: dominio da técnica de base (posición corporal, respiración, embocadura e articulación); destreza técnica amosada no repertorio. 40% da cualificación.
- DOMINIO SONORO E DA INTERPRETACIÓN: calidade do son, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo, expresividade e conexión co acompañamento. 40% da cualificación.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente (ANEXO 9.6)



## 9.2 Probas de acceso a outros cursos

### 9.2.1 Probas de acceso a 2º, 3º ou 4º de grao elemental

A proba instrumental consistirá na interpretación de dúas obras de libre elección, e dun exercicio de lectura a primeira vista, que poderán ser escollidas entre as programadas no indicado nesta programación para o curso anterior ao que se pretende acceder, ou ser outras dunha dificultade semellante a elección do/da aspirante.

Será obrigatorio o acompañamento de piano nas obras que así o requiran, polo que os/as aspirantes deberán dispor do seu pianista acompañante.>

#### Contidos

Os indicados nesta programación para o curso inmediatamente anterior ao que se pretende acceder.

#### Criterios de avaliación e cualificación

- REPERTORIO: dificultade e defensa do repertorio presentado. 20% da cualificación.
- DOMINIO TÉCNICO: dominio da técnica de base (posición corporal, respiración, embocadura e articulación); destreza técnica amosada no repertorio. 40% da cualificación.
- DOMINIO SONORO E 1ª VISTA: calidade do son, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros; dominio da interpretación do exercicio proposto para lectura a 1ª vista. 40% da cualificación.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente (ANEXO 9.7). O grao de esixencia en canto á consecución dos criterios de avaliación e cualificación indicados anteriormente irá en relación ao curso ao que o/a aspirante pretenda acceder.

### 9.2.2 Probas de acceso a 2º, 3º, 4º, 5º ou 6º curso do Grao Profesional

A proba instrumental consistirá na interpretación de tres obras de libre elección, que poderán ser escollidas entre as indicadas nesta programación para o curso inmediatamente anterior ao que se pretende acceder, ou ser outras dunha dificultade semellante, a elección do/da aspirante, pero que en todo caso deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Unha das tres obras deberá ser interpretada de memoria.
- Unha das tres obras terá que ser de música de cámara (podendo ser unha formación solista con piano), é dicir, non se deberán presentar tres obras para instrumento solo sen acompañamento.



- Será obrigatorio o acompañamento de piano nas obras que así o requiran, polo que os/as aspirantes deberán dispor do seu pianista acompañante.

### Contidos

Os indicados nesta programación para o curso inmediatamente anterior ao que se pretende acceder.

### Criterios de avaliación e cualificación

- REPERTORIO: dificultade e defensa do repertorio presentado. 20% da cualificación.
- DOMINIO TÉCNICO: dominio da técnica de base (posición corporal, respiración, embocadura e articulación); destreza técnica amosada no repertorio. 40% da cualificación.
- DOMINIO SONORO E 1ª VISTA: calidade do son, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo, expresividade e conexión co acompañamento. 40% da cualificación.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente (ver anexos). O grao de esixencia en canto á consecución dos criterios de avaliación e cualificación indicados anteriormente irá en relación ao curso ao que o/a aspirante pretenda acceder.

### 9.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao

Segundo a Orde do 10 de marzo de 2009, polo que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honor e premio de fin de grao para as ensinanzas de música e danza, o premio fin de grao concederase ao alumnado que cumpra os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.
- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin.

Os criterios valorativos para a obtención do premio fin de grao establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro son comúns para todas as especialidades e pódense consultar no centro ou na súa páxina web.

## 9.4 Rúbrica de avaliación continua (avaliacións trimestrais)

CRITERIOS / VALOR		0 puntos	0,25 puntos	0,5 puntos	0,75 puntos	1 puntos	1,25 puntos
<b>Actitude fronte a materia 25%</b>	<b>Participación activa nas clases e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos</b>	Non amosa ningún interese nas clases nin as correccións e/ou indicacións do docente	Apenas amosa interese nas clases. Non soe atender as correccións e/ou indicacións do docente	Amosa escaso interese nas clases. Presta certa atención ao docente nas súas indicacións e correccións pero non se esforza en seguilas	Amosa interese nas clases. Presta atención as indicacións e correccións aínda que non se esforza demasiado en seguilas.	Amosa interese nas clases. Presta atención as indicacións e correccións e esforzase en seguilas.	Sempre amosa interese nas clases. Presta moita atención as indicacións e esforzase en seguilas en todo momento.
	<b>Calidade no estudo autónomo</b>	Nunca realiza os exercicios e tarefas propostas.	Non soe realizar as tarefas indicadas. A calidade no estudo é moi baixa	Realiza os exercicios e tarefas indicadas ocasionalmente. A calidade no estudo é baixa ou moi irregular	Soe realizar os exercicios e tarefas propostas cada semana. A calidade no estudio e boa.	Realiza as tarefas e exercicios propostos sempre ou case sempre. A calidade dos mesmos e boa ou moi boa.	Sempre realiza os exercicios e tarefas propostas. Prepara moi ben cada clase e a calidade no estudo autónomo é excelente.
	<b>Dominio da técnica de base: posición corporal, respiración, embocadura e articulación</b>	Presenta defectos graves na posición corporal, respiración e xestión do aire, e na embocadura e articulación. Non se aprecia melloría nestes aspectos.	Presenta importantes defectos na posición corporal, respiración e xestión do aire, e/ou na embocadura e articulación. Apenas se aprecia melloría nestes aspectos.	Presenta defectos na posición corporal, respiración e xestión do aire, e/ou na embocadura e articulación. Apréciase certa melloría nestes aspectos.	Aprécianse leves defectos na posición corporal, respiración e xestión do aire, e/ou embocadura e articulación. Hai unha clara melloría nestes aspectos.	A posición corporal, respiración e xestión do aire, embocadura e articulación son correctas. Apréciase clara melloría nestes aspectos.	Presenta unha perfecta posición corporal, respiración e xestión do aire, así como unha embocadura e articulación correctas e sen defectos reseñables. Apréciase evolución positiva nestes aspectos.
	<b>Dominio das escalas e arpxos</b> <i>CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE</i>	Non domina ningunha das escalas e arpxos indicados na PD ou faino unha velocidade moi inferior á establecida.	Domina so algunhas das escalas e arpxos establecidos na PD á velocidade próxima á establecida.	Domina a maioría das escalas e arpxos indicados na programación á velocidade axeitada ou próxima á establecida. <b>VALOR MÍNIMO ESIXIBLE</b>	Domina as escalas e arpxos, aínda que algunha delas a velocidade inferior a indicada na programación.	Domina as escalas e arpxos á velocidade indicada na programación.	Domina todas as escalas e arpxos a velocidade superior á indicada na programación.
	<b>Dominio dos exercicios propostos</b> <i>CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE</i>	So domina a metade ou menos dos exercicios propostos e faino coa mínima corrección técnica e velocidade moi inferior á indicada	So domina unha parte dos exercicios propostos cunha mínima corrección e velocidade inferior á indicada	Domina boa parte (80%) dos exercicios indicados na PD pero non todos, e moitos deles con dificultade e/ou velocidade reducida <b>VALOR MÍNIMO ESIXIBLE</b>	Domina todos os exercicios propostos, aínda que con certa dificultade e/ou velocidade reducida nalgún caso	Domina todos os exercicios propostos con corrección e velocidade axeitada	Domina os exercicios propostos, mesmo algún mais dos indicados na PD, con total corrección e velocidade axeitada
	<b>Calidade do son, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros</b>	Presenta defectos graves no son e afinación, falta de flexibilidade e dominio dos rexistros. Non se aprecia melloría nestes aspectos.	Presenta defectos no son e afinación, certa dificultade na flexibilidade e/ou dominio dos rexistros. Apréciase pouca melloría nestes aspectos.	Presenta defectos no son e afinación, certa dificultade na flexibilidade e/ou dominio dos rexistros. Apréciase certa melloría nestes aspectos.	Ten un son correcto. Hai algunha dificultade no control da afinación, dos rexistros e da flexibilidade pero apréciase melloría nestes aspectos.	Ten bo son e un control da afinación, rexistros e flexibilidade axeitada ao nivel. Presenta unha boa evolución nestes aspectos.	Ten moi bo son e un control da afinación, rexistros e flexibilidade excelente. Presenta unha moi boa evolución nestes aspectos.
	<b>Calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade</b>	A calidade interpretativa é moi deficiente, sen ningún dominio da dinámica, fraseo e expresividade. Non se aprecia melloría nestes aspectos.	A calidade interpretativa é deficiente, con defectos e/ou falta de control no uso da dinámica, fraseo e expresividade. Apréciase pouca melloría nestes aspectos.	A calidade interpretativa presenta certos defectos, apréciase certa falta de control no uso da dinámica, fraseo e expresividade. Apréciase certa melloría nestes aspectos.	Ten unha calidade interpretativa correcta. Hai algunha dificultade no control da dinámica, fraseo e expresividade pero apréciase melloría nestes aspectos.	Apréciase unha calidade interpretativa boa, con dominio da dinámica, fraseo e expresividade. Presenta ademais unha boa evolución nestes aspectos.	A calidade interpretativa é excelente, con dominio da dinámica, fraseo e expresividade. A evolución nestes aspectos é moi boa.
	<b>Dominio das obras propostas</b> <i>CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE</i>	Non é capaz de tocar a/as obra/s planificadas nin sequera parcialmente e/ou a unha velocidade reducida.	Non é capaz de tocar a/as obra/s planificadas. Unicamente pode facelo parcialmente (fragmentos, movementos) a unha velocidade reducida e/ou con certos erros e defectos na execución.	Pode tocar a/as obra/s planificadas pero a unha velocidade inferior á indicada e/ou con numerosos erros e defectos na execución da mesma. <b>VALOR MÍNIMO ESIXIBLE</b>	Defende correctamente en público (audicións) a/as obra/s planificadas a unha velocidade axeitada ou próxima á indicada aínda que con certos erros e/ou defectos na execución da mesma.	Defende correctamente en público (audicións) a/as obra/s planificadas a unha velocidade axeitada sen apenas erros e/ou defectos na execución da mesma.	Defende en público (audicións) a/as obra/s planificadas de maneira brillante a unha velocidade axeitada e sen erros e/ou defectos na execución da mesma.
Observacións:						Cualificación:	



9.5 Rúbrica de avaliación puntual (para o caso en que a avaliación continua non sexa posible, para a avaliación extraordinaria e para a ampliación de matrícula)

CRITERIOS / VALOR		0 puntos	0,33 puntos	0,67 puntos	1 puntos	1,33 puntos	1,67 puntos
	<b>Dominio da técnica de base: posición corporal, respiración, embocadura e articulación</b>	Presenta defectos graves na posición corporal, respiración e xestión do aire, e na embocadura e articulación.	Presenta importantes defectos na posición corporal, respiración e xestión do aire, e/ou na embocadura e articulación.	Non presenta importantes defectos na posición corporal, respiración e xestión do aire, pero si na embocadura e articulación.	Aprécianse leves defectos na posición corporal, respiración e xestión do aire, e/ou embocadura e articulación.	A posición corporal, respiración e xestión do aire, embocadura e articulación son correctas.	Presenta unha perfecta posición corporal, respiración e xestión do aire, así coma unha embocadura e articulación correctas e sen defectos reseñables.
	<b>Dominio das escalas e arpxos</b> <i>CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE</i>	Non domina ningunha das escalas e arpxos indicados na PD ou faino unha velocidade moi inferior á establecida.	Domina so algunhas das escalas e arpxos establecidos na PD á velocidade próxima á establecida.	Domina a maioría das escalas e arpxos indicados na programación á velocidade axeitada ou próxima á establecida. <b>VALOR MÍNIMO ESIXIBLE</b>	Domina as escalas e arpxos, aínda que algunha delas a velocidade inferior a indicada na programación.	Domina as escalas e arpxos á velocidade indicada na programación.	Domina todas as escalas e arpxos a velocidade superior á indicada na programación.
	<b>Dominio dos exercicios propostos</b> <i>CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE</i>	So domina a metade ou menos dos exercicios propostos e faino coa mínima corrección técnica e velocidade moi inferior á indicada	So domina unha parte dos exercicios propostos cunha mínima corrección e velocidade inferior á indicada	Domina boa parte dos exercicios indicados na DP pero non todos, e moitos deles con dificultade e/ou velocidade reducida <b>VALOR MÍNIMO ESIXIBLE</b>	Domina os exercicios propostos, aínda que con certa dificultade e/ou velocidade reducida nalgún caso	Domina todos os exercicios propostos con corrección e velocidade axeitada	Domina os exercicios propostos, mesmo algún mais dos indicados na PD, con total corrección e velocidade axeitada
	<b>Calidade do son, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros</b>	Presenta defectos graves no son e afinación, falta de flexibilidade e dominio dos rexistros.	Presenta defectos no son e afinación, certa dificultade na flexibilidade e/ou dominio dos rexistros.	Presenta algunha carencia no son e afinación, ou certa dificultade na flexibilidade e/ou dominio dos rexistros.	Ten un son correcto. Hai algunha dificultade no control da afinación, dos rexistros e da flexibilidade.	Ten bo son e un control da afinación, rexistros e flexibilidade axeitada ao nivel.	Ten moi bo son e un control da afinación, rexistros e flexibilidade excelente.
	<b>Calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade</b>	A calidade interpretativa é moi deficiente, sen ningún dominio da dinámica, fraseo e expresividade.	A calidade interpretativa é deficiente, con defectos e/ou falta de control no uso da dinámica, fraseo e expresividade.	A calidade interpretativa presenta certos defectos, apréciase certa falta de control no uso da dinámica, fraseo e expresividade.	Ten unha calidade interpretativa correcta. Hai algunha dificultade no control da dinámica, fraseo e expresividade.	Apréciase unha calidade interpretativa boa, con dominio da dinámica, fraseo e expresividade.	A calidade interpretativa é excelente, con dominio da dinámica, fraseo e expresividade.
	<b>Dominio das obras propostas</b> <i>CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE</i>	Non é capaz de tocar a/as obra/s planificadas nin sequera parcialmente e/ou a unha velocidade reducida.	Non é capaz de tocar a/as obra/s planificadas. Unicamente pode facelo parcialmente (fragmentos, movementos) a unha velocidade reducida e/ou con certos erros e defectos na execución.	Pode tocar a/as obra/s planificadas pero a unha velocidade inferior á indicada e/ou con numerosos erros e defectos na execución da mesma. <b>VALOR MÍNIMO ESIXIBLE</b>	Defende correctamente a/as obra/s planificadas a unha velocidade axeitada ou próxima á indicada pero con certos erros e/ou defectos na execución da mesma.	Defende correctamente a/as obra/s planificadas a unha velocidade axeitada sen apenas erros e/ou defectos na execución da mesma.	Defende a/as obra/s planificadas de maneira brillante a unha velocidade axeitada e sen erros e/ou defectos na execución da mesma.
Observacións:						Cualificación:	

## 9.6 Rúbrica de avaliación para as probas de acceso a calquera curso de Grao Profesional

CRITERIOS / VALOR		0 puntos	0,4 puntos	0,8 puntos	1,2 puntos	1,6 puntos	2 puntos
<b>Repertorio 20%</b>	<b>Dificultade e defensa do repertorio presentado</b>	As obras son de baixa dificultade e non as defende con soltura	As obras son de baixa dificultade e deféndeas con certa soltura	As obras son de baixa dificultade e deféndeas de xeito brillante, ou as obras son de dificultade acorde ao nivel non as defende axeitadamente	As obras son de dificultade acorde ao nivel e deféndeas axeitadamente	As obras son de dificultade acorde ao nivel e deféndeas de xeito brillante, ou son de gran dificultade e deféndeas axeitadamente	As obras son de gran dificultade e deféndeas de xeito brillante
<b>Domínio técnico 40%</b>	<b>Domínio da técnica de base: posición corporal, respiración, embocadura e articulación</b>	Presenta defectos graves na posición corporal, respiración e xestión do aire, e na embocadura e articulación.	Presenta importantes defectos na posición corporal, respiración e xestión do aire, e/ou na embocadura e articulación.	Presenta algunha carencia na posición corporal, respiración e xestión do aire, e/ou na embocadura e articulación.	Aprécianse leves defectos na posición corporal, respiración e xestión do aire, e/ou embocadura e articulación.	A posición corporal, respiración e xestión do aire, embocadura e articulación son correctas.	Presenta unha perfecta posición corporal, respiración e xestión do aire, así coma unha embocadura e articulación correctas e sen defectos.
	<b>Destreza técnica amosada no repertorio</b>	Amosa unha total ausencia de dominio da articulación e dixitación, así coma numerosos erros nas pasaxes de certa dificultade técnica.	Amosa certa falta de dominio da articulación e dixitación, así coma numerosos erros nas pasaxes de certa dificultade técnica.	Apréciase algunha dificultade no dominio da articulación e dixitación do repertorio, e algúns erros nas pasaxes de mais dificultade técnica.	Domina a articulación e dixitación do repertorio presentado. Aprécianse algúns erros nas pasaxes de mais dificultade técnica.	Domina a articulación e dixitación do repertorio presentado, así coma as pasaxes de certa dificultade técnica.	Domina brillantemente a articulación e dixitación do repertorio presentado, e amosa control absoluto de todas as pasaxes de certa dificultade técnica.
<b>Domínio sonoro e da interpretación 40%</b>	<b>Calidade do son, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros</b>	Presenta defectos graves no son e afinación, falta de flexibilidade e dominio dos rexistros.	Presenta defectos no son e afinación, certa dificultade na flexibilidade e/ou dominio dos rexistros.	Presenta algunha carencia no son e afinación, ou certa dificultade na flexibilidade e/ou dominio dos rexistros.	Ten un son correcto, aínda que con algunha dificultade no control da afinación, dos rexistros e da flexibilidade	Ten bo son e un control da afinación, rexistros e flexibilidade axeitada ao nivel.	Ten moi bo son e un control da afinación, rexistros e flexibilidade excelente.
	<b>Calidade na interpretación, dinámica, fraseo, expresividade e conexión co acompañamento</b>	A calidade interpretativa é moi deficiente, sen ningún dominio da dinámica, fraseo e expresividade. Non se aprecia conexión co acompañamento.	A calidade interpretativa é deficiente, con defectos e/ou falta de control no uso da dinámica, fraseo e expresividade. Apréciase pouca conexión co acompañamento.	A calidade interpretativa presenta certos defectos, apréciase certa falta de control no uso da dinámica, fraseo e expresividade. Apréciase certa conexión co acompañamento.	Ten unha calidade interpretativa correcta. Hai algunha dificultade no control da dinámica, fraseo e expresividade pero apréciase conexión e coñecemento da parte acompañante.	Apréciase unha calidade interpretativa boa, con dominio da dinámica, fraseo e expresividade. Presenta ademais unha boa conexión e coñecemento da parte acompañante.	A calidade interpretativa é excelente, con dominio da dinámica, fraseo e expresividade, así coma total coñecemento e conexión coa parte acompañante.
Observacións:						Cualificación:	

## 9.7 Rúbrica de avaliación para as probas de acceso a calquera curso de Grao Elemental

CRITERIOS / VALOR		0 puntos	0,4 puntos	0,8 puntos	1,2 puntos	1,6 puntos	2 puntos
<b>Repertorio</b> 20%	<b>Dificultade e defensa do repertorio presentado</b>	As obras son de baixa dificultade e non as defende con soltura	As obras son de baixa dificultade e deféndeas con certa soltura	As obras son de baixa dificultade e deféndeas de xeito brillante, ou as obras son de dificultade acorde ao nivel non as defende axeitadamente	As obras son de dificultade acorde ao nivel e deféndeas axeitadamente	As obras son de dificultade acorde ao nivel e deféndeas de xeito brillante, ou son de gran dificultade e deféndeas axeitadamente	As obras son de gran dificultade e deféndeas de xeito brillante
<b>Dominio técnico</b> 40%	<b>Dominio da técnica de base: posición corporal, respiración, embocadura e articulación</b>	Presenta defectos graves na posición corporal, respiración e xestión do aire, e na embocadura e articulación.	Presenta importantes defectos na posición corporal, respiración e xestión do aire, e/ou na embocadura e articulación.	Presenta algunha carencia na posición corporal, respiración e xestión do aire, e/ou na embocadura e articulación.	Aprécianse leves defectos na posición corporal, respiración e xestión do aire, e/ou embocadura e articulación.	A posición corporal, respiración e xestión do aire, embocadura e articulación son correctas.	Presenta unha perfecta posición corporal, respiración e xestión do aire, así como unha embocadura e articulación correctas e sen defectos.
	<b>Destreza técnica amosada no repertorio</b>	Amosa unha total ausencia de dominio da articulación e dixitación, así como numerosos erros nas pasaxes de certa dificultade técnica.	Amosa certa falta de dominio da articulación e dixitación, así como numerosos erros nas pasaxes de certa dificultade técnica.	Apréciase algunha dificultade no dominio da articulación e dixitación do repertorio, e algúns erros nas pasaxes de maior dificultade técnica.	Domina a articulación e dixitación do repertorio presentado. Aprécianse algúns erros nas pasaxes de maior dificultade técnica.	Domina a articulación e dixitación do repertorio presentado, así como as pasaxes de certa dificultade técnica.	Domina brillantemente a articulación e dixitación do repertorio presentado, e amosa control absoluto de todas as pasaxes de certa dificultade técnica.
<b>Dominio sonoro e 1ª vista</b> 40%	<b>Calidade do son, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros</b>	Presenta defectos graves no son e afinación, falta de flexibilidade e dominio dos rexistros.	Presenta defectos no son e afinación, certa dificultade na flexibilidade e/ou dominio dos rexistros.	Presenta algunha carencia no son e afinación, ou certa dificultade na flexibilidade e/ou dominio dos rexistros.	Ten un son correcto, aínda que con algunha dificultade no control da afinación, dos rexistros e da flexibilidade	Ten bo son e un control da afinación, rexistros e flexibilidade axeitada ao nivel.	Ten moi bo son e un control da afinación, rexistros e flexibilidade excelente.
	<b>Dominio da interpretación do exercicio proposto para lectura a 1ª vista</b>	Falta total de dominio do exercicio	Moita dificultade na interpretación do exercicio incluso a baixa velocidade	Execución do exercicio con erros e falta de fluidez (interrupcións) a velocidade inferior a apropiada	Execución do exercicio con algún erro e/ou algunha interrupción a velocidade próxima á apropiada	Execución do exercicio sen erros nin interrupcións a velocidade próxima á apropiada	Execución do exercicio perfecta e á velocidade apropiada
Observacións:						Cualificación:	